

AS

MARIÁS



AS MARÍAS

As Marías, As Dúas en Punto ou Cara de Pau é o nome co que se coñecía en Santiago a parella formada polas irmáns Maruxa e Coralia Fandiño Ricart, están representadas desde fai varios anos nunha famosa escultura situada no parque da Alameda en Santiago.

As dúas irmáns convertéronse en personaxes populares na cidade porque realizaban un paseo diario pola Zona Vella, durante os anos cincuenta e sesenta, vestidas e maquilladas de maneira rechamante, mentras coqueteaban cos xóvenes universitarios. Este paseo, facíano as dúas da tarde en punto, hora na que a maioría dos universitarios ían comer, polo tanto, cando máis xente había na rúa. Chamaban a atención polo contraste do ambiente gris que había nesa época pola dictadura de Franco.

Coralia era a menor e a máis alta, era tímida e pouco faladora, mentras que Maruxa era máis pequena aínda que máis vella, era a que levaba a voz cantante. Tamén foron apodadas como “tolas” e “solteironas”.

A familia Fandiño Ricart estaba formada pola costureira Consuelo Ricart e o zapateiro Arturo Fandiño, que tiveron trece fillos, Maruxa foi a cuarta filla, e Coralia a duodécima. Vivían e traballaban na calle Espírito Santo, en Santiago.

No ano 1925, algúns dos seus irmáns tiñan ideoloxía anarquista e formouse a CNT. En Santiago vivíase un clima de animación e esperanza. Elas paseaban polas rúas vestidas con roupas feitas na súa casa con teas de cores brillantes e alegres. Os estudantes galeguistas republicanos chamábanas “Liberdade, Igualdade e Fraternidade”, e os estudantes católicos “Fe, Esperanza e Caridade”.

Sen embargo, no 1936, os seus irmáns tiveron que escapar. Pero un deles foi descuberto, torturado e encarcerado vinte anos polos franquistas. A pesadilla das irmáns comezou cando os falanguistas trataron de utilizar a familia para averiguar onde se atopaban os outros irmáns. Chegaba a Policía Social a altas horas da noite a súa casa, registrabana e desnudaban as irmáns na rúa para humillalas (din que por culpa deses malos tratos foron a causa da súa loucura, porque antes diso non eran así).

As irmáns caeron na pobreza porque a xente deixou de facer pedidos o taller de costura “por ser unha familia anarquista” (a xente tiña medo de que os vinculasen con elas). Máis alá de ese medo, a xente sentía simpatía por elas, e cando rematou a guerra as irmáns viviron da caridade dos vecinos. Non lle daban limosna, se non que lle

compraban comida. Unha vez unha tormenta tiroulles a baixo o teito da súa casa e os veciños fixeron unha colecta para arreglalo.

As dúas irmáns foron as mulleres máis coñecidas e fotografiadas de Compostela. Maruxa e Coralia conseguiron crear un mecanismo de defensa para sobrevivir, volveronse tolas, e na súa loucura recuperaron o soño de xuventude. Sempre cas roupas porcas, sen dentes, vestíronse con luz e cor, cheas de maquillaxe dentro da misería e terror que había naquel entón por Santiago.

Maruxa faleciu en Santiago de Compostela o 13 de maio de 1980, ós 82 anos.

Coralia foise a vivir A Coruña con outra irmán, cidade a que nunca se adaptou. Morreu dous anos máis tarde (o 30 de xaneiro de 1983, ós 68 anos), despois de preguntar moitas veces cal era o camino para volver a Santiago.

Ata o 2014, estaban enterradas en tumbas separadas e alonxadas no cemiterio de Boisaca (Santiago), Maruxa con algúns de seus irmáns e súa nai, e Coralia co seu pai.

En maio de 2014, unha asociación de Santiago fixo unha colecta popular que reuniu fondos para arreglar o sepulcro, e poñer as dúas irmáns xuntas, como elas querían e colocáronlle unha placa de recordo.

Cos anos, a historia das irmáns foise olvidando, ata que en 1994, un escultor, tras varios intentos, convenceu o alcalde que había naquel entón, para poñer unha escultura na su memoria na Alameda en Santiago. Está baseada nunha das súas fotografías máis coñecidas.

O 11 de abril de 2008, estreouse o documental "Coralia e Maruxa, as irmáns Fandiño". Conta a vida das dúas irmáns e a importancia que tiveron nesa época. Tamén se publicou un libro chamado "As Marias de Santiago de Compostela".

